

DESCOÑECIDOS

Andrew Haigh, 2023

1248

ESTREA EN NUMAX: 01.03.2023 | V.O.S.E. | +16 | 105 min

Unha noite, na súa torre case vacía do Londres actual, Adam (Andrew Scott) ten un encontro casual cun misterioso veciño, Harry (Paul Mescal), que pon patas arriba o ritmo da súa vida cotiá. A medida que vai xurdindo unha relación entre eles, a Adam preocúpanlle as lembranzas do pasado e regresa á súa cidade natal e ao fogar da súa infancia onde os seus pais (Claire Foy e Jamie Bell) parecen estar vivos, tal e como o estaban 30 anos antes.

Película especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Un fermoso e sobrecolledor estudo sobre a familia, o amor e a perda»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Entrevista con Andrew Haigh: «Pasamos pola vida sen falar das cousas realmente importantes»

Por Rafa Sales Ross

Con *Descoñecidos* exploras a idea de coñecer a teus pais cando tes aproximadamente a mesma idade ca eles. Esta idea é anterior á realización do filme? Sempre pensamos no que sucedería se puideramos regresar e ter un reencontro co noso pasado, conversas que nunca tivemos con seres queridos. Nin sequera creo que teña que ser cos teus pais, pode ser calquera persoa á que quixeras ou que teña significado algo para ti. Tampouco é necesario que estea morta. Moitas persoas desaparecen das nosas vidas e nunca as volvemos ver. A medida que medras pensas cada vez máis en amizades pasadas, relacións amorosas, os teus pais... e pensas que o máis habitual foi non falar das cousas realmente importantes. De feito, creo que pasamos pola vida sen falar das cousas que son importantes de verdade.

Filmaches a película na casa da túa infancia e exploras temas moi persoais. Sentiches que precisabas algún tipo de protección emocional? En realidade non. Gústame non ter ningunha protección emocional porque quero ver cara a onde me leva cada proxecto. As emocións nun espazo poden ser difíciles de xestionar, pero non teñen por que ser aterradoras: poden ser produtivas. Estaba máis intrigado sobre como me había sentir. Non sempre foi doado estar nese espazo, nesa casa que estivera aí durante máis de 40 anos. Non tiña recordos necesariamente felices pero sabía que era interesante, non só para min senón para cimentar unha película realmente sentida. Por iso me lancei. Non quería unha sesión de terapia nin moito menos, senón enraizar a historia en algo real e xenuíno.

Cres que se trata dun filme que debe ser visto nunha sala de cinema? Valóroo moito. É un filme sobre a conexión e sobre as persoas que comparten algo colectivamente, unha emoción que todos experimentamos e que non necesariamente sabemos como comunicar. É importante que o filme se vexa en cinemas porque é un espazo que compartimos con descoñecidos. Podes estar sentado ao carón de alguén que non coñeces e posiblemente non volvas ver, pero ambos compartides unha emoción. Creo que iso é realmente poderoso.

Debe ser difícil dirixir unha película tan persoal e logo terte que abrir unha e outra vez á prensa e o público expoñendo as túas propias vulnerabilidades. Foi un proceso bastante estraño. Curiosamente, ao comezo díxenme a min mesmo que non había de facer nada de prensa e finalmente fixen moita máis da que tería imaxinado. A sensación é agri doce, nalgunhas entrevistas é agradable e sentes unha conexión e noutras percibes que te expuxeches de máis. Ao final é unha película que trata das nosas vulnerabilidades, de como conectar coas persoas importantes para ti, así que sinto que é algo que teño que facer polo filme.

No teu filme de 2011 *Weekend* dous personaxes empregan o termo *queer* dunha maneira cruel. Que opinas hoxe do termo? Esquecera esa escena. É interesante porque o mundo cambiou moito nos 12 anos que pasaron entre os dous filmes. Ser *queer* agora é moi diferente. É certo que pode haber un certo diálogo entre ambos filmes sobre a importancia de certas vivencias na creación dunha persoa e sobre a dificultade de superar a dor. Dores das que sentes que deberas fuxir pero que non podes. Esa conversa entre os dous filmes é interesante. De feito Adam ten 45 anos en *Descoñecidos* e Russell sobre os 30 en *Weekend*. É case como se eu me preguntase que sinto sobre a homosexualidade dez anos despois.